

ACTA DA SESIÓN PLENARIA ORDINARIA
CELEBRADA O DÍA 09/05/2025(<http://sede.vilagarcia.gal>)

Sras. / Sres. Asistentes:

ALCALDE-PRESIDENTE

D. ALBERTO VARELA PAZ

CONCELLEIROS/AS

DONA TANIA GARCÍA SANMARTÍN

DONA PAOLA MARIA MOCHALES

D. CARLOS COIRA LOJO

DONA SONIA OUTON CASAL

D. DIEGO GARCIA SANTIAGO

DONA LUZ MARIA ABALO PÉREZ

D. ALVARO CAROU GARCÍA

D. JOSÉ MARÍA GONZÁLEZ ARAÚJO

DONA ANA MARIA GRANJA GUILLÁN

D. JUAN ANDRES BAYON ROLO

DONA MARIA ELENA SUAREZ SARMIENTO

D. JESUS REY RODRIGUEZ

D. ROBERTO DOMINGUEZ BUSTELO

D. RAUL SANTAMARÍA GONZÁLEZ

DONA MARTA MARÍA FERRADANS PADIN

D. DAVID HIGINIO OLIVEIRA BARREIRO

D. JULIO VARELA CARDALDA

D. FRANCISCO XABIER RODRIGUEZ PAZ

DONA ROSA MARIA ABUIN RODRIGUEZ

D. JUAN MANUEL FAJARDO RECOUSO

SECRETARIA

MARIA ROSA LOSADA SUAREZ

INTERVENTOR

JULIO FONTAÍÑA COUSO

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, sendo as 17:00 do día 09/05/2025, e coa asistencia da Secretaria, reuníronse, en primeira convocatoria, os/as señores/as Concelleiros/as, que á marxe se relacionan como asistentes, co obxecto de celebrar Sesión Plenaria Ordinaria convocada ó efecto.

A continuación procédese a trata-los asuntos que figuran na Orde do Día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior de data 27 de marzo de 2025.

2. Toma de coñecemento dos Decretos da Alcaldía emitidos no mes marzo de 2025.

3. Toma de coñecemento da liquidación do orzamento do Concello e da FPSDM correspondente ao exercicio de 2024, así como do informe de estabilidade orzamentaria, regra de gasto e límite de débeda

4. Toma de coñecemento da solicitude de participación cidadá presentada por parte de asociacións ou entidades en relación con un punto da orde do día que lle afecte directamente e posterior intervención a través dun único representante das mesmas.

5. Aprobación, se procede, da moción presentada polo grupo político municipal do BNG para a dotación de infraestruturas que cumpran coa accesibilidade e a seguridade no CEIP O Piñeiriño.

6. Aprobación, se procede, da Proposta da Alcaldía sobre Modificación Orzamentaria para cambio de finalidade e suplemento de crédito 01/SC/2025 por importe de 448.678,00 €.

7. Aprobación provisional, se procede, da modificación da Ordenanza Fiscal Reguladora do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras.

8. Aprobación, se procede, da cesión gratuíta en propiedade, dunha parcela municipal situada na Rúa Marxión a favor da Sociedade de Vivenda Pública de Galicia SA (VIPUGAL), coa finalidade de levar a cabo unha promoción de vivendas públicas neste Concello

9. Aprobación, se procede, da Proposta da Alcaldía (previa consulta realizada á Xunta de Voceiros/as), relativa ao cambio de denominación de diversas rúas do Concello de Vilagarcía de Arousa, coa finalidade de dar cumprimento a anteriores acordos plenarios, así como ao disposto na Lei de Memoria Democrática de 19 de outubro de 2022.

10. Aprobación, se procede, da Proposta da Alcaldía para a denominación do Pavillón N° 1 do Complexo Deportivo Municipal de Fontecarmoa como Pavillón Sara Gómez.

11. Aprobación, se procede, da moción presentada polo grupo político municipal do PP en relación coa Mellora urxente e revisión do servizo municipal VaiBike.

12. Aprobación, se procede, da moción presentada polo grupo político municipal do BNG para a inclusión da zona de A Lomba na partida do Plan Municipal de Asfaltado.

13. Interpelacións ou control das decisións do grupo de goberno.

14. Mocións presentadas polos grupos políticos municipais por razóns de urxencia.

15. Resposta dos/as concelleiros/as delegados/as ás preguntas formuladas no Pleno anterior.

16. Rogos e preguntas presentadas por escrito polos membros da Corporación Municipal.

17. Rogos e preguntas formuladas oralmente polos membros da Corporación Municipal.
18. Quenda de rogos e preguntas entre as persoas que asisten como público á sesión.

A sesión é gravada, imaxe e son, polos funcionarios municipais D. Juan Luis Núñez Tourís e Dona Elsa Pérez Fernández utilizando o sistema de videoactas ao que se poderá acceder a través da <http://sede.vilagarcia.gal>.

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, ORDINARIA DE DATA 27 DE MARZO DE 2025.

Polo Sr. Alcalde pregúntase se hai algunha proposta de rectificación da acta.

Non habendo ningunha proposta de rectificación queda aprobada por unanimidade dos/as Concelleiros/as presentes no Pleno (21 de 21) a acta da sesión anterior de data 27 de marzo de 2025

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20250509&punto=1>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

2.- TOMA DE COÑECEMENTO DOS DECRETOS DA ALCALDÍA EMITIDOS NO MES DE MARZO DE 2025: Pola Secretaria dáse conta ao Pleno da Corporación dos Decretos emitidos pola Alcaldía:

RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA:

- 2 Inscripción de Asociación en Rexistro Municipal
- 1 Aprobación Plan de Seguridade Obras
- 1 Aprobación expediente de contratación obras
- 1 Aprobación pregos de licitación obras
- 1 Aprobación liquidación do orzamento 2024
- 1 Expte. De Transferencia de Crédito
- 2 Expte. De Modificación de Crédito
- 1 Plan orzamentario medio prazo 2026-2028
- 1 Baixa inscrición indebida no Padrón de habitantes.
- 2 Recurso de reposición expte. Sancionador de tráfico
- 1 Resolución sancionadora expediente sancionador de tráfico
- 3 Arquivo expediente sancionador de tráfico
- 6 Primeiras alegacións expediente sancionador de tráfico
- 1 Envío vehículo a desguace
- 1 Designación avogados procedemento abreviado recadación
- 1 Dedución haberes empregado por ausencia non xustificada do posto de traballo
- 1 Cambio adscrición de posto de traballo
- 1 Nomeamento de funcionario interino para cubrir vacante
- 1 Aboamento en nomina de servizos prestados en horario nocturno
- 1 Delegación funcións Alcaldía
- 1 Modificación de nomeamento por vacante
- 1 Nomeamento tribunal proceso selectivo Plan Mais Povincia 2025
- 2 Pago vacacións non disfrutadas por incapacidade temporal
- 2 Substitución posto de categoría superior
- 3 Recurso contencioso administrativo
- 5 Licenza animais potencialmente perigosos
- 2 Estimatoria derivación subsidiaria
- 2 Estimatoria ICIO
- 5 Estimatoria recibos
- 11 Estimatoria pagos duplicados
- 4 Estimatoria/deseestimatoria IVTM

8 Estimatoria liquidacións e baixas
1 Estimatoria variación taxas e prezos públicos
8 Estimatoria compensación de débedas
1 Estimatoria bonificación no IBI
2 Estimatoria cambio de xestión de ben inmovle
5 Estimatoria IBI
14 Estimatoria beneficios fiscais IVTM
49 Estimatoria/desestimatoria taxas e prezos públicos
6 Estimatoria IIVTNU
1 Inadmisión devolución de fianza
4 Pago comisións bancarias
2 Pago préstamos bancarios
1 Incremento saldo caixa estacionamento
50 Ordenación de pagos
29 Deber de conservación
12 Reposición da legalidade urbanística
2 Orde execución malezas
47 Comunicación previa obras menores
2 Declaración ineficacia de comunicación previa obras menores
13 Concesión de licenza de obra menor
1 Concesión de licenza de segregación
11 Concesión de licenza de obra maior
1 Aceptación renuncia a licenza de obra maior
1 Conformidade a proxecto de execución
3 Concesión de prórroga licenza de obra maior
2 Comunicación previa cambio de titularidade apertura establecemento
3 Arquivo comunicación previa inicio de actividade

TOTAL: 347

O Concello Pleno queda sabedor.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20250509&punto=2>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

3.- TOMA DE COÑECEMENTO DA LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO DO CONCELLO E DA FPSDM CORRESPONDENTE AO EXERCICIO DE 2024, ASÍ COMO DO INFORME DE ESTABILIDADE ORZAMENTARIA, REGRA DE GASTO E LÍMITE DE DÉBEDA.- Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas de data 21 de abril de 2025, do seguinte teor:

Dáse conta da Resolución da Alcaldía, do seguinte teor:

Vistos os estados de liquidación de ingresos e gastos a fin de exercicio 2024.

Visto o informe da Intervención municipal referido á liquidación do orzamento municipal para o exercicio 2024 (ref JFC/324/2025).

Visto o expediente DEPORT/2025/000198 relativo á liquidación do orzamento 2024 da Fundación Pública de Servizos Deportivos Municipais do Concello de Vilagarcía de Arousa.

En uso das facultades que me confire a normativa vixente en materia de réxime local, e en particular os artigos 191.3 e 192 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, e 90.1 do Real decreto 500/90, do 20 de abril, polo que se desenvolve o capítulo primeiro do título sexto da Lei 39/88, do 28 de decembro,

RESOLVO:

PRIMEIRO: Aprobar a liquidación do orzamento municipal do Concello de Vilagarcía de Arousa correspondentes ao exercicio económico de 2024 seguinte:

RESULTADO ORZAMENTARIO CONCELLO:

DEREITOS RECOÑECIDOS NETOS		
a	Dereitos recoñecidos por operacións non financeiras	39.386.116,56
	1. Dereitos recoñecidos netos por operacións correntes (Cap. I a V)	35.220.271,12
	2. Dereitos recoñecidos netos por demais operacións de capital(Cap. VI e VII)	4.165.845,44
b	Dereitos recoñecidos netos por activos financeiros	82.644,00
c	Dereitos recoñecidos netos por pasivos financeiros	5.787.398,11
	Total dereitos recoñecidos	45.256.158,67
OBRIGAS RECOÑECIDAS NETAS		
a	Obrigas recoñecidas por operacións non financeiras	36.949.114,17
	1. Obrigas recoñecidas netas por operacións correntes (Cap. I a IV)	31.471.074,76
	2. Obrigas recoñecidas netas por demais operacións de capital (Cap. VI e VII)	5.478.039,41
b	Obrigas recoñecidas netas por activos financeiros	82.644,00
c	Obrigas recoñecidas netas por pasivos financeiros	2.147.361,46
	Total obrigas recoñecidas	39.179.119,63
	RESULTADO ORZAMENTARIO ANTES DE AXUSTES	6.077.039,04
	(+) Créditos gastados financiados con RLT para gastos xerais	2.178.879,57
	(+) Desviacións de financiamento negativas do exercicio	4.202.307,49
	(-) Desviacións de financiamento positivas do exercicio	9.278.099,28
	RESULTADO ORZAMENTARIO AXUSTADO	3.180.126,82

REMANENTE DE TESOURERÍA CONCELLO:

1	Fondos líquidos	17.825.236,68
2	Dereitos pendentes de cobro (2.a +2.b +2.c -2.d)	13.438.513,95
a	Do orzamento corrente	2.428.530,13
b	De orzamentos pechado	12.687.063,11
c	De operacións non orzamentarias	22.496,86
d	Cobros realizados pendentes de aplicación definitiva	1.699.576,15
3	Obrigas pendentes de pago (3.a +3.b +3.c -3.d)	5.607.316,08
	Do orzamento corrente	3.958.699,74
	De orzamentos pechado	80.827,83
	De operacións non orzamentarias	1.591.981,33
	pagos pendentes de aplicación definitiva	24.192,82
	I. REMANENTE DE TESOURERÍA TOTAL	25.656.434,55
	II. SALDOS DE DUBIDOSO COBRO	9.096.124,00
	III. REMANENTE DE TESOURERÍA AFECTADO	12.476.382,64
	IV. REMANENTE DE TESOURERÍA PARA GASTOS XERAIS	4.083.927,91

SEGUNDO: Aprobar a liquidación dos orzamentos municipais do Organismo Autónomo Fundación Pública de Servizos deportivos municipais, correspondentes ao exercicio económico de 2024, proposta e aprobada polo seu Presidente:

RESULTADO ORZAMENTARIO FPSDM:

DEREITOS RECOÑECIDOS NETOS		
a	Dereitos recoñecidos por operacións non financeiras	1.453.148,12
	1. Dereitos recoñecidos netos por operacións correntes (Cap. I a V)	1.453.148,12
	2. Dereitos recoñecidos netos por demais operacións de capital(Cap. VI e VII)	0,00
b	Dereitos recoñecidos netos por activos financeiros	0,00
c	Dereitos recoñecidos netos por pasivos financeiros	0,00
	Total dereitos recoñecidos	1.453.148,12
OBRIGAS RECOÑECIDAS NETAS		
a	Obrigas recoñecidas por operacións non financeiras	1.319.068,96
	1. Obrigas recoñecidas netas por operacións correntes (Cap. I a IV)	1.312.032,57
	2. Obrigas recoñecidas netas por demais operacións de capital (Cap. VI e VII)	7.036,39
b	Obrigas recoñecidas netas por activos financeiros	0,00

c	Obrigas recoñecidas netas por pasivos financeiros		0,00
	Total obrigas recoñecidas		1.319.068,96
RESULTADO ORZAMENTARIO ANTES DE AXUSTES			134.079,16
(+)	Créditos gastados financiados con RLT para gastos xerais		0
(+)	Desviacións de financiamento negativas do exercicio		0
(-)	Desviacións de financiamento positivas do exercicio		0
RESULTADO ORZAMENTARIO AXUSTADO			134.079,16

REMANENTE DE TESOURERÍA FPSDM:

1	Fondos líquidos		117.036,47
2	Dereitos pendentes de cobro (2.a +2.b +2.c -2.d)		23.402,97
a	Do orzamento corrente	248,44	
b	De orzamentos pechado	22.829,04	
c	De operacións non orzamentarias	369,05	
d	Cobros realizados pendentes de aplicación definitiva	43,56	
3	Obrigas pendentes de pago (3.a +3.b +3.c -3.d)		111.231,81
	Do orzamento corrente	99.826,57	
	De orzamentos pechado	2.526,14	
	De operacións non orzamentarias	12.379,10	
	pagos pendentes de aplicación definitiva	3.500,00	
	I. REMANENTE DE TESOURERÍA TOTAL		29.207,63
	II. SALDOS DE DUBIDOSO COBRO		22.083,99
	III. REMANENTE DE TESOURERÍA AFECTADO		0,00
	IV. REMANENTE DE TESOURERÍA PARA GASTOS XERAIS		7.123,64

TERCEIRO: Que se de conta da presente resolución ao Concello Pleno na primeira sesión que se celebre.

O mando e asino en Vilagarcía de Arousa, na data da sinatura dixital.

A ALCALDESA EN FUNCÍONS,
A SECRETARIA.

Dáse conta así mesmo do informe da Intervención Municipal de estabilidade orzamentaria, regra de gasto e límite de débeda na liquidación do exercicio 2024.

A Sra. Suárez Sarmiento e o Sr. Fajardo Recouso solicitan a liquidación do orzamento por partidas.

O Sr. Interventor responde que se enviará.

A Comisión queda sabedora.

O Concello Pleno queda sabedor.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20250509&punto=3>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

Polo Sr. Alcalde al térase a Orde do Día da sesión do Pleno pasando a tratar a continuación os asuntos que figuran co nº 9 (solicitude de participación cidadá) e a continuación o asunto que figura co número 10 da orde do día do Pleno "Aprobación, se procede, da moción presentada polo grupo político municipal do BNG para a dotación de infraestruturas que cumpran coa accesibilidade e a seguridade no CEIP O Piñeriño.

9.- TOMA DE COÑECEMENTO DA SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ PRESENTADA POR PARTE DE ASOCIACIÓNS OU ENTIDADES EN RELACIÓN CON UN PUNTO DA ORDE DO DÍA QUE LLE AFECTE DIRECTAMENTE E POSTERIOR INTERVENCIÓN A TRAVÉS DUN

ÚNICO REPRESENTANTE DAS MESMAS:

Dáse conta do disposto no ARTIGO 23.- do Regulamento Orgánico do Pleno:

Cando algunha das asociacións ou entidades, ás que se refire o artigo 72 da Lei 7/1985, de 2 de abril, desexen facer unha exposición ante o pleno, en relación con algún punto da orde do día que lle afecte directamente, deberá solicitalo á alcaldía mediante escrito presentado no rexistro do concello, un día antes da celebración da sesión plenaria. Coa autorización da alcaldía, e a través dun único representante, poderá intervir durante o tempo que a alcaldía lle conceda, con anterioridade á lectura, debate e votación da proposta incluída na orde do día.

Aqueles asuntos onde estean previstas as intervencións de asociacións ou entidades poderán ser tratados con carácter preferente aos restantes asuntos incluídos na orde do día da correspondente sesión plenaria.

Figura presentada unha solicitude de participación cidadá, coa finalidade de que interveña a Presidenta da ANPA O Piñeiriño, Dona Noemí López Rodríguez, en relación coa moción presentada polo grupo municipal do BNG para dotación de infraestruturas que cumpran coa accesibilidade e a seguridade no CEIP O Piñeiriño.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20250509&punto=9>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

10.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DO BNG PARA A DOTACIÓN DE INFRAESTRUTURAS QUE CUMPRAN COA ACCESIBILIDADE E A SEGURIDADE NO CEIP O PIÑEIRIÑO.- Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Urbanismo e Mobilidade de data 21 de abril de 2025, do seguinte teor:

Dáse conta da moción presentada polo grupo político municipal do BNG coa data de 14 de abril de 2025, do seguinte teor:

MOCIÓN PARA A DOTACIÓN DE INFRAESTRUTURAS QUE CUMPRAN COA ACCESIBILIDADE E A SEGURIDADE NO CEIP O PIÑEIRIÑO

Don Francisco Javier Rodríguez Paz, portavoz do Grupo municipal do BNG no concello de Vilagarcía de Arousa, ao abeiro da lexislación vixente, presenta para o seu debate e, se procede, aprobación a seguinte moción.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Vilagarcía de Arousa conta con diferentes centros educativos, un deles é o CEIP O Piñeiriño, situado na Rúa Adolfo Pedrido Morla, no Barrio que da nome ao centro.

Dende fai tempo a ANPA do mesmo leva demandando a realización de diferentes actuacións que permitan un acceso e un desprazamento máis seguros tanto dentro coma fóra do centro. Estamos falando dun recinto ao que acoden centos de crianzas a diario, sen contar con accesos seguros para elo.

Dentro do recinto escolar, no patio, o centro conta cunhas escaleiras que supoñen un risco pola propia forma na que están deseñadas, o cal repercute no desaproveitamento do uso do espazo e, por riba de todo, nunha falla de seguridade para crianzas e maiores que acceden ao colexio. Ademais, supón unha traba de cara á adopción por lei das medidas de accesibilidade que debe garantir todo edificio público, polo que o máis apropiado, e así o demanda a comunidade educativa, sería a construción dunha rampla de acceso coa consecuente desaparición das escaleiras.

A maiores, o perímetro do recinto escolar, que se estende ao longo da Rúa Adolfo Pedrido Morla, presenta tamén grande eivas no tocante á seguridade viaria para os peóns que se desprazan pola mesma, tanto para acceder á escola, xa que os dous accesos ao mesmo dan a esa rúa, coma para acceder ás instalacións deportivas municipais que se atopan un pouco máis arriba do centro lindando con el.

No referente ás instalacións deportivas, hai que ter en conta tamén o incremento de tráfico que se dará na zona coa ampliación da piscina municipal. É precisa polo tanto unha actuación na

zona que garanta a dotación de beirarrúas que cumpran coas medidas establecidas pola lei de mobilidade e accesibilidade, así como que garantan o acceso e desprazamento seguro de crianzas e maiores pola mesma.

Por todo iso é polo que solicitamos a adopción dos seguintes

ACORDOS:

- Instar á Xunta de Galiza a que realice as accións precisas para dotar ao CEIP O Piñeiriño duns accesos seguros tanto dentro do recinto do centro coma no seu perímetro.
- Instar á Xunta de Galiza para que realice as accións oportunas sobre o recinto escolar para garantir a seguridade e a mobilidade das persoas usuarias dentro do mesmo.
- Instar ás administracións correspondentes a que leven a cabo as accións precisas para que favorezan a accesibilidade e a circulación dos peóns ao longo da rúa Adolfo Pedrido Morla.

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As persoas representantes do grupo político municipal do BNG informan favorablemente.

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PSdeG-PSOE, PP e EU din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación da moción presentada polo grupo político municipal do BNG para a dotación de infraestruturas que cumpran coa accesibilidade e a seguridade no CEIP O Piñeiriño.

- Dáse conta da emenda de substitución presentada polo grupo político municipal do PP seguinte:

- Instar ao Concello de Vilagarcía a que realice as accións precisas para dotar ao CEIP O Piñeiriño duns accesos seguros.
- Instar ao Concello de Vilagarcía a adoptar medidas transitorias para garantir canto antes un acceso seguro ó centro.
- Instar ao Concello de Vilagarcía a dotar o CEIP O Piñeiriño dun camiño escolar seguro.
- Instar ao Concello de Vilagarcía para que realice labores de mantemento no aparcadoiro próximo ao CEIP O Piñeiriño.
- Instar ao Concello de Vilagarcía a que leve a cabo as accións precisas para que favorezan a accesibilidade e a circulación dos peóns ao longo da Rúa Adolfo Pedrido Morla como foi aprobada no pleno municipal do 27 de febreiro de 2025.
- Instar á Xunta de Galicia para que analice a seguridade e a accesibilidade das persoas usuarias do centro e realice de ser necesario as accións oportunas.
- Instar á Xunta de Galicia para que dote dun ascensor o centro CEIP O Piñeiriño.

A continuación intervéñen Dona Noemí López Rodríguez, reivindicando uns accesos seguros, tanto dentro do recinto do CEIP do Piñeiriño como no seu perímetro.

- Polo grupo político municipal do BNG non se acepta a emenda do grupo municipal do PP.

Na sesión plenaria sométese a votación a moción polo Sr. Alcalde, sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Por unanimidade de tódolos/as concelleiros/as presentes no Pleno (21 de 21)

ACÓRDASE aprobar a moción presentada polo grupo político municipal do BNG e:

- Instar á Xunta de Galiza a que realice as accións precisas para dotar ao CEIP O Piñeiriño duns accesos seguros tanto dentro do recinto do centro coma no seu perímetro.
- Instar á Xunta de Galiza para que realice as accións oportunas sobre o recinto escolar para garantir a seguridade e a mobilidade das persoas usuarias dentro do mesmo.
- Instar ás administracións correspondentes a que leven a cabo as accións precisas para que favorezan a accesibilidade e a circulación dos peóns ao longo da rúa Adolfo Pedrido Morla.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20250509&punto=10>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

4.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA PARA CAMBIO DE FINALIDADE E SUPLEMENTO DE CRÉDITO.- Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas de data 21 de abril de 2025, do seguinte teor:

Dáse conta da Memoria-Proposta da Alcaldía, do seguinte teor:

MEMORIA-PROPOSTA DA ALCALDÍA-PRESIDENCIA XUSTIFICATIVA DAS MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA POR SUPLEMENTO DE CRÉDITO E DO CAMBIO DE FINALIDADE DO FINANCIAMENTO AFECTADO PROCEDENTE DE PRESTAMOS 2021 E 2022.

Mediante Providencia da Concelleira delegada de Facenda de data 16 de abril incoáronse os seguintes expedientes:

- Expediente Nº 01/SC/2025 de modificación de crédito por suplemento de crédito por importe de 448.678,00€ financiado con baixas de créditos existentes nos Anexos de Investimento dos exercicios 2021, 2022 e 2024.
- Expediente Nº 01/CF/2025 de cambio de finalidade do financiamento afectado procedente de operacións de préstamos a longo prazo concertadas e ingresada nos exercicios 2021 e 2022, afectas aos proxectos de gasto engadidos nos respectivos Anexos de investimento así como o cambio de finalidade dun proxecto do Anexo de Investimentos do exercicio 2024 financiado con recursos propios, por un importe global de 448.678,00€.

Ambos expedientes afectan aos proxectos que a seguir se indican:

APLICACIÓN ORZ.		PROXECTO	DENOMINACIÓN	CRÉDITO DISPONIBLE	CAMBIO FINALIDADE	AXENTE FINANCIADOR
312	65000	2022 2 PREST 17	DEMOLICIÓN EDIFICIO ANEXOS COMANDANCIA	85.672,71	85.672,71	BANCO SABADELL
1530	62400	2022 2 PREST 3	CAMIÓN GUINDASTRE SERVIZO OBRAS	169.037,00	169.037,00	UNICAJA BANCO
1621	62300	2021 2 PREST 5	ADQUISICIÓN NOVO CAMIÓN RECOLLIDA DO LIXO	167.000,00	167.000,00	UNICAJA BANCO
1720	62300	2024 4 obra 16	CAMIÓN BIORRESIDUOS	56.730,63	26.968,29	RLTGX
				478.440,34	448.678,00	

O que se pretende con esta modificación é dotar os créditos necesarios para dar cobertura aos seguintes proxectos:

APLICACIÓN ORZ.		PROXECTO	DENOMINACIÓN	IMPORTE MODIFICACIÓN
171	61900	2021 2 PREST 6	SUBV. POS22 REFORMA PARQUE DO CAVADELO-CONSTRUCCION NOVO SKATE PARK	215.000,00
342	63200	2021 2 PREST 12	REFORMA PAVILLON FONTECARMOA	198.410,00
151	780	2017 2 OBRA 72	ARUS 2017-VILAXOAN 8ª FASE	11.756,00
151	780	2017 2 OBRA 73	ARUS 2017-CASCO VELLO 5ª FASE	11.756,00
151	780	2017 2 OBRA 74	ARUS 2017-CARRIL 8ª FASE	11.756,00
			TOTAL MODIFICACIÓN	448.678,00

Polo tanto, trátase de gastos específicos e determinados para os que se precisa contar con consignación orzamentaria con carácter urgente, e para o que no orzamento prorrogado non existe crédito suficiente e axeitado, non sendo admisible esperar nin á aprobación definitiva do orzamento nin o próximo exercicio para a súa execución:

- Proxecto 2021-2-PREST-6, “REFORMA PARQUE DO CAVADELO-CONSTRUCCION NOVO SKATE PARK”, dotado no Anexo de Investimentos do exercicio 2021 cun orzamento de 438.495,77€, sendo necesaria unha maior dotación de crédito debido a

modificacións na obra derivadas de novas necesidades aparecidas durante a súa execución que fixeron paralizar a mesma e polo tanto tamen provocou a perda de parte da subvención que financiaba o proxecto polo que se fai necesaria a dotación dun maior crédito para a finalización da mesma.

- Proxecto 2021-2-PREST-12, “REFORMA PAVILLON FONTECARMOA “, dotado no Anexo de Investimentos do exercicio 2021 cun orzamento de 1.686.149,32€, sendo necesaria unha maior dotación de crédito pola presentación da Liquidación final da obra que implica variacións nas medicións e que non superan o 10% previsto na lexislación.
- No caso dos proxectos das Areas de Rehabilitación de Carril, Vilaxoán e Casco Vello do 2017, a necesidade de crédito deriva da obriga de reintegrar o importe non consumido da subvención concedida para ditas áreas no Plan 2013-2016.

Tendo en conta o sobranse existente nos proxectos de gasto arriba indicados por un importe global de 478.440,34, e que constitúe un recurso que pode financiar os aumentos que se propoñen por un importe de 448.678,00€ ao amparo do disposto no artigo 177.4 do TRLFL 2/2004.

Posto de manifesto mediante informe de Intervención adxunto ó expediente, que existen exceso de financiamento nos proxectos indicados, esta Alcaldía, co obxecto de atender ao gasto anteriormente descrito propón ó Pleno da Corporación a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO: Aprobar o expediente nº 01/CF/2025 de modificación de finalidade do financiamento afectado por importe de 448.678,00€, segundo o seguinte detalle:

APLICACIÓN ORZ.		PROXECTO	DENOMINACIÓN	CRÉDITO DISPONIBLE	CAMBIO FINALIDADE	AXENTE FINANCIADOR
312	65000	2022 2 PREST 17	DEMOLICIÓN EDIFICIO ANEXOS COMANDANCIA	85.672,71	85.672,71	BANCO SABADELL
1530	62400	2022 2 PREST 3	CAMIÓN GUINDASTRE SERVIZO OBRAS	169.037,00	169.037,00	UNICAJA BANCO
1621	62300	2021 2 PREST 5	ADQUISICIÓN NOVO CAMIÓN RECOLLIDA DO LIXO	167.000,00	167.000,00	UNICAJA BANCO
1720	62300	2024 4 obra 16	CAMIÓN BIORRESIDUOS	56.730,63	26.968,29	RLTGX
				478.440,34	448.678,00	

SEGUNDO: Aprobar inicialmente o expediente nº 01/SC/2025 de suplemento de crédito financiado con baixas de créditos de gastos doutras aplicacións do orzamento vixente por importe de 448.678,00€, para atender os gastos derivados dos seguintes expedientes de gasto:

APLICACIÓN ORZ.		PROXECTO	DENOMINACIÓN	IMPORTE MODIFICACIÓN
171	61900	2021 2 PREST 6	SUBV. POS22 REFORMA PARQUE DO CAVADELO-CONSTRUCCION NOVO SKATE PARK	215.000,00
342	63200	2021 2 PREST 12	REFORMA PAVILLON FONTECARMOA	198.410,00
151	780	2017 2 OBRA 72	ARUS 2017-VILAXOAN 8ª FASE	11.756,00
151	780	2017 2 OBRA 73	ARUS 2017-CASCO VELLO 5ª FASE	11.756,00
151	780	2017 2 OBRA 74	ARUS 2017-CARRIL 8ª FASE	11.756,00
			TOTAL MODIFICACIÓN	448.678,00

TERCEIRO: Os medios e recursos que han de financiar os aumentos que se propoñen ao amparo do disposto no artigo 177.4 do TRLFL 2/2004 son as baixas de créditos de gastos das aplicacións do orzamento vixente correspondentes a Proxectos de gasto con modificación do seu financiamento, é dicir, os que se lle cambia a finalidade do financiamento afectado, procedente das operacións de préstamo concertadas e ingresada nos exercicios 2021 e 2022 e dos Recursos propios do Anexo de Investimentos do exercicio 2024.

CUARTO: O financiamento do expediente de modificación de créditos procede de anulacións ou baixas de créditos das aplicacións do Orzamento vixente non comprometidas, das que a súa dotación se estima reducible sen perturbación dos respectivos servizos, implicando a presente modificación o desestimento expreso para o proxectos afectados nos que se contabilizaran as baixas propostas, ben porque se trata de sobrantes que non presentarán execución no exercicio 2025, ben porque existe dotación noutros proxectos de gasto para actuacións da mesma natureza.

QUINTO: Modificar o Anexo de Investimentos, que deberá incorporar a distribución de financiamento afectado para os novos proxectos de gasto con financiamento afectado, que de seguido se indican:

APLICACIÓN ORZ.		PROXECTO	DENOMINACIÓN	IMPORTE SUPLEMENTO	AXENTE FINANCIADOR	IMPORTE FINANCIADO	TOTAL FINANCIADO
171	61900	2021 PREST 6	2 SUBV. POS22 REFORMA PARQUE DO CAVADELO-CONSTRUCCION NOVO SKATE PARK	215.000,00	UNICAJA BANCO	167.000,00	167.000,00
						48.000,00	
342	63200	2021 PREST 12	2 REFORMA PAVILLON FONTECARMOA	198.410,00	UNICAJA BANCO	121.037,00	169.037,00
					BANCO SABADELL	77.373,00	
151	780	2017 OBRA 72	2 ARUS 2017-VILAXOAN 8ª FASE	11.756,00	BANCO SABADELL	8.299,71	85.672,71
					RLTGX	3.456,29	
151	780	2017 OBRA 73	2 ARUS 2017-CASCO VELLO 5ª FASE	11.756,00	RLTGX	11.756,00	26.968,29
151	780	2017 OBRA 74	2 ARUS 2017-CARRIL 8ª FASE	11.756,00	RLTGX	11.756,00	
				448.678,00			

SEXTO: Expoñer ao público os expedientes indicados, mediante anuncio no BOP por 15 días, durante os cales os interesados poderán examinalos e presentar reclamacións ante o Pleno. Os expedientes se considerarán definitivamente aprobados se durante o citado prazo non se tivesen presentado reclamacións, en caso contrario, o Pleno disporá do prazo dun mes para resolvelas. Dada a urxencia que revisten todas as actuacións que pretenden acometerse coas modificacións propostas, farase uso da excepción prevista na base nº 10 das BEO de forma que transcorrido o período de exposición sen presentarse alegacións, o crédito modificado estará dispoñible a efectos de execución orzamentaria, sen prexuízo da posterior e preceptiva publicación da aprobación definitiva a efectos de recursos.

SETIMO: Unha vez aprobados definitivamente os expedientes sinalados, serán insertados e resumidos por capítulos no BOP. Ademais, remitirase copia do expediente á Administración do Estado e a da correspondente CCAA simultaneamente ao envío do BOP.

Vilagarcía de Arousa, na data da sinatura electrónica.

O ALCALDE

- A Sra. Suárez Sarmiento solicita un informe técnico sobre o custe das obras do Skate Park.

- O Sr. Fajardo Recousó solicita unha explicación sobre o incremento de prazos e custe das obras do Skate Park.

- A Sra. García Sanmartín responde que se darán as explicacións técnicas que procedan.

Non habendo máis intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As persoas representantes do grupo político municipal do PSdeG-PSOE informan favorablemente.

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PP, BNG e EU din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación do expediente nº 01/CF/2025 de modificación de finalidade do financiamento afectado por importe de 448.678,00€.

Na sesión plenaria sométese a votación o asunto polo Sr. Alcalde , sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Con once votos a favor dos/as Concelleiros/as pertencentes ós grupos políticos municipais do PSG-PSOE (9) e BNG (2), nove abstencións dos/as concelleiros/as pertencentes ao grupo político municipal do PP (9) e un voto en contra do concelleiro pertencente ao grupo político municipal de EU (1)

ACÓRDASE Por maioría:

PRIMEIRO: Aprobar o expediente nº 01/CF/2025 de modificación de finalidade do financiamento afectado por importe de 448.678,00€, segundo o seguinte detalle:

APLICACIÓN ORZ.		PROXECTO	DENOMINACIÓN	CRÉDITO DISPONIBLE	CAMBIO FINALIDADE	AXENTE FINANCIADOR
312	65000	2022 2 PREST 17	DEMOLICIÓN EDIFICIO ANEXOS COMANDANCIA	85.672,71	85.672,71	BANCO SABADELL
1530	62400	2022 2 PREST 3	CAMIÓN GUINDASTRE SERVIZO OBRAS	169.037,00	169.037,00	UNICAJA BANCO
1621	62300	2021 2 PREST 5	ADQUISICIÓN NOVO CAMIÓN RECOLLIDA DO LIXO	167.000,00	167.000,00	UNICAJA BANCO
1720	62300	2024 4 obra 16	CAMIÓN BIORRESIDUOS	56.730,63	26.968,29	RLTGX
				478.440,34	448.678,00	

SEGUNDO: Aprobar inicialmente o expediente nº 01/SC/2025 de suplemento de crédito financiado con baixas de créditos de gastos doutras aplicacións do orzamento vixente por importe de 448.678,00€, para atender os gastos derivados dos seguintes expedientes de gasto:

APLICACIÓN ORZ.		PROXECTO	DENOMINACIÓN	IMPORTE MODIFICACIÓN
171	61900	2021 2 PREST 6	SUBV. POS22 REFORMA PARQUE DO CAVADELO-CONSTRUCCION NOVO SKATE PARK	215.000,00
342	63200	2021 2 PREST 12	REFORMA PAVILLON FONTECARMOA	198.410,00
151	780	2017 2 OBRA 72	ARUS 2017-VILAXOAN 8ª FASE	11.756,00
151	780	2017 2 OBRA 73	ARUS 2017-CASCO VELLO 5ª FASE	11.756,00
151	780	2017 2 OBRA 74	ARUS 2017-CARRIL 8ª FASE	11.756,00
			TOTAL MODIFICACIÓN	448.678,00

TERCEIRO: Os medios e recursos que han de financiar os aumentos que se propoñen ao amparo do disposto no artigo 177.4 do TRLFL 2/2004 son as baixas de créditos de gastos das aplicacións do orzamento vixente correspondentes a Proxectos de gasto con modificación do seu financiamento, é dicir, os que se lle cambia a finalidade do financiamento afectado, procedente das operacións de préstamo concertadas e ingresada nos exercicios 2021 e 2022 e dos Recursos propios do Anexo de Investimentos do exercicio 2024.

CUARTO: O financiamento do expediente de modificación de créditos procede de anulacións ou baixas de créditos das aplicacións do Orzamento vixente non comprometidas, das que a súa dotación se estima reducible sen perturbación dos respectivos servizos, implicando a presente modificación o desestimento expreso para o proxectos afectados nos que se contabilizaran as baixas propostas, ben porque se trata de sobrantes que non presentarán execución no exercicio 2025, ben porqué existe dotación noutros proxectos de gasto para actuacións da mesma natureza.

QUINTO: Modificar o Anexo de Investimentos, que deberá incorporar a distribución de financiamento afectado para os novos proxectos de gasto con financiamento afectado, que de seguido se indican:

APLICACIÓN ORZ.		PROXECTO	DENOMINACIÓN	IMPORTE SUPLEMENTO	AXENTE FINANCIADOR	IMPORTE FINANCIADO	TOTAL FINANCIADO
171	61900	2021 PREST 6	SUBV. POS22 REFORMA PARQUE DO CAVADELO-CONSTRUCCION NOVO SKATE PARK	215.000,00	UNICAJA BANCO	167.000,00	167.000,00
						48.000,00	
342	63200	2021 PREST 12	REFORMA PAVILLON FONTECARMOA	198.410,00	UNICAJA BANCO	121.037,00	169.037,00
					BANCO SABADELL	77.373,00	
151	780	2017 OBRA 72	ARUS 2017-VILAXOAN 8ª FASE	11.756,00	BANCO SABADELL	8.299,71	85.672,71
					RLTGX	3.456,29	
151	780	2017 OBRA 73	ARUS 2017-CASCO VELLO 5ª FASE	11.756,00	RLTGX	11.756,00	26.968,29
151	780	2017 OBRA 74	ARUS 2017-CARRIL 8ª FASE	11.756,00	RLTGX	11.756,00	
				448.678,00			

SEXTO: Expoñer ao público os expedientes indicados, mediante anuncio no BOP por 15 días,

durante os cales os interesados poderán examinalos e presentar reclamacións ante o Pleno. Os expedientes se considerarán definitivamente aprobados se durante o citado prazo non se tivesen presentado reclamacións, en caso contrario, o Pleno disporá do prazo dun mes para resolvelas. Dada a urxencia que revisten todas as actuacións que pretenden acometerse coas modificacións propostas, farase uso da excepción prevista na base nº 10 das BEO de forma que transcorrido o período de exposición sen presentarse alegacións, o crédito modificado estará dispoñible a efectos de execución orzamentaria, sen prexuízo da posterior e preceptiva publicación da aprobación definitiva a efectos de recursos.

SETIMO: Unha vez aprobados definitivamente os expedientes sinalados, serán insertados e resumidos por capítulos no BOP. Ademais, remitirase copia do expediente á Administración do Estado e a da correspondente CCAA simultaneamente ao envío do BOP.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20250509&punto=4>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

Polo Sr. Alcalde indicase que se debatirán os asuntos que figuran cos números 5 e 6 da Orde do Día do Pleno, procedendo á votación dos mesmos por separado.

5.-APROBACIÓN PROVISIONAL, SE PROCEDE, DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE CONSTRUCCIÓN, INSTALACIÓN E OBRAS.-

Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas de data 21 de abril de 2025, do seguinte teor:

Dáse conta da Proposta da Alcaldía, do seguinte teor:

Asunto: Proposta de modificación da Ordenanza fiscal nº I.3 reguladora do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras.

O Concello de Vilagarcía conta na actualidade coa Ordenanza fiscal nº I.3 reguladora do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras.

Por parte da Concelleira de Economía e Facenda propónse a modificación na porcentaxe da bonificación a aplicar no artigo 4.2., aumentándoa ata o 95%.

Vistos os informes favorables de Tesourería e Secretaría, propoño que pola Comisión Informativa de Economía Facenda e Especial de Contas se ditamine favorablemente, así como a adopción, por parte do Pleno, do seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Aprobado provisionalmente a modificación do seguinte artigo da Ordenanza fiscal nº I.3 reguladora do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras, nos seguintes termos:

1. O artigo 4.2. quedaría redactado do seguinte modo:

O Pleno da Corporación poderá declarar, previa solicitude dos interesados e cos informes dos técnicos municipais, que determinadas construcións, instalacións ou obras son de especial interese ou utilidade pública municipal por concorrer circunstancias sociais, culturais, histórico-artísticas ou de fomento do emprego. Dita declaración require o voto favorable da maioría simple dos seus membros. Declarada dita utilidade, á Xunta de Goberno Local poderá aplicar unha bonificación de ata o 95% da cota en atención aos documentos existentes no expediente e que motivaron a declaración de especial interese ou utilidade pública municipal.

SEGUNDO.- Expoñer ao público o acordo aprobado provisionalmente no Taboleiro de Edictos do Concello, durante o prazo de 30 días hábiles, así como publicar o anuncio de exposición ao público durante dito prazo no BOP e nun dos diarios de maior difusión da provincia, co fin de que por todos os interesados se presenten as alegacións e as reclamacións que teñan por conveniente.

Asemade, faise constar expresamente que, se durante o prazo de exposición ao público non se presentasen reclamacións contra a aprobación inicial obxecto da proposta, elevarase a definitivo

o acordo provisional sen necesidade de adopción de novo acordo do Pleno Municipal que así o declare.

TERCEIRO.- O acordos de aprobación definitiva, incluído o provisional elevado automaticamente a tal categoría, e o texto íntegro da Ordenanza, haberán de ser publicados no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, e serán de aplicación a partir do día seguinte ao da súa publicación.

Vilagarcía de Arousa, na data da sinatura electrónica

O Alcalde

Alberto Varela Paz

Polo Sr. Fajardo Recouse solicitase requirir ao IGVS para que explique no Concello o proxecto de construción das vivendas públicas en As Carolinas.

Non habendo mais intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PSdeG-PSOE e BNG informan favorablemente.

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PP e EU din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación provisional da modificación da Ordenanza Fiscal Reguladora do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras.

Na sesión plenaria sométese a votación o asunto polo Sr. Alcalde , sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Por unanimidade de tódolos/as Concelleiros/as presentes no Pleno (21 de 21)

ACÓRDASE:

PRIMEIRO.- Aprobar provisionalmente a modificación do seguinte artigo da Ordenanza fiscal nº 1.3 reguladora do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras, nos seguintes termos:

1. O artigo 4.2. quedaría redactado do seguinte modo:

O Pleno da Corporación poderá declarar, previa solicitude dos interesados e cos informes dos técnicos municipais, que determinadas construcións, instalacións ou obras son de especial interese ou utilidade pública municipal por concorrer circunstancias sociais, culturais, histórico-artísticas ou de fomento do emprego. Dita declaración require o voto favorable da maioría simple dos seus membros. Declarada dita utilidade, á Xunta de Goberno Local poderá aplicar unha bonificación de ata o 95% da cota en atención aos documentos existentes no expediente e que motivaron a declaración de especial interese ou utilidade pública municipal.

SEGUNDO.- Expoñer ao público o acordo aprobado provisionalmente no Taboleiro de Edictos do Concello, durante o prazo de 30 días hábiles, así como publicar o anuncio de exposición ao público durante dito prazo no BOP e nun dos diarios de maior difusión da provincia, co fin de que por todos os interesados se presenten as alegacións e as reclamacións que teñan por conveniente.

Asemade, faise constar expresamente que, se durante o prazo de exposición ao público non se presentasen reclamacións contra a aprobación inicial obxecto da proposta, elevarase a definitivo o acordo provisional sen necesidade de adopción de novo acordo do Pleno Municipal que así o declare.

TERCEIRO.- O acordos de aprobación definitiva, incluído o provisional elevado automaticamente a tal categoría, e o texto íntegro da Ordenanza, haberán de ser publicados no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, e serán de aplicación a partir do día seguinte ao da súa publicación.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20250509&punto=5>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

6.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA CESIÓN GRATUÍTA EN PROPIEDAD, DUNHA

PARCELA MUNICIPAL SITUADA NA RÚA MARXIÓN A FAVOR DA SOCIEDADE DE VIVENDA PÚBLICA DE GALICIA SA (VIPUGAL), COA FINALIDADE DE LEVAR A CABO UNHA PROMOCIÓN DE VIVENDAS PÚBLICAS NESTE CONCELLO. Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Urbanismo e Mobilidade de data 21 de abril de 2025, do seguinte teor:

Dáse conta da Proposta da Alcaldía, do seguinte teor:

O Diario Oficial de Galicia de 21 de marzo de 2025 publicou unha Resolución do 11 de marzo de 2025, da Dirección Xeral de Simplificación Administrativa e do Patrimonio, pola que se ordena a publicación dos estatutos da sociedade mercantil pública autonómica Sociedade de Vivenda Pública de Galicia, S.A. (VIPUGAL).

O obxecto social da devandita sociedade ven constituído pola realización de actividades dirixidas á promoción e xestión de vivenda ou alugueiro así como a promoción de solo residencial no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.

Dada a elevado demanda de vivendas no Concello de Vilagarcía de Arousa, esta Alcaldía, nas das reunións mantidas coa Conselleira de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, propuxo a cesión dunha parcela municipal situada en rúa Marxión para a construción de vivendas públicas. Con data 14 de abril de 2025, ten entrada no concello de Vilagarcía de Arousa (rexistro 2025005848), acordo do Instituto Galego de Vivenda e Solo, de tramitación do expediente de aceptación de cesión de solo e solicitude de parcela idónea para a promoción de vivenda pública.

No mentado acordo solicítase:

1. A cesión gratuíta da seguinte parcela á Sociedade Vivenda Pública de Galicia, S.A., con NIF A75491647 e domicilio social en Área Central núm. 9, Fontiñas, código postal 15707, Santiago de Compostela

Parcela 5 do Proxecto de Compensación UEI-18

Localización: Rúa Marxión, 36600 Vilagarcía de Arousa (Pontevedra)

Superficie: 675 m²

Referencia catastral: 9863588NH1196S0001QJ

Código: P-VILAMAR1-ACE

2 A bonificación do 95% sobre a cota tributaria do Imposto de Construcións, Instalacións e Obras, de conformidade co artigo 103.2, letra a), do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, prevé a posibilidade de bonificar ata o 95% "a favor das construcións, instalacións ou obras que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias sociais (...) que xustifiquen tal declaración. Corresponderá a antedita declaración ao Pleno da Corporación e acordarase, previa solicitude do suxeito pasivo, polo voto favorable da maioría simple dos seus membros".

3 A bonificación prevista na súa ordenanza sobre a cota tributaria do Imposto sobre Bens Inmóbiles (IBI) para vivendas de promoción pública.

Pola súa banda, o IGVS, partícipe maioritario da Sociedade Vivenda Pública de Galicia, S.A., comprométese a destinar a parcela á promoción de vivenda protexida de promoción pública, nas mesmas condicións, réxime xurídico e criterios de selección das persoas adxudicatarias.

Visto o que antecede, esta Alcaldía, ven en propoñer ao Pleno da Corporación Municipal, a adopción do seguinte acordo:

1) Aprobar a cesión gratuíta, en propiedade, a Sociedade de Vivenda Pública de Galicia, S.A., da parcela municipal de 675,10 m² (segundo nota simple do Rexistro da Propiedade) situada na rúa Marxión, para o cumprimento do fin de promoción de vivenda pública en Vilagarcía de Arousa, coa seguinte descrición:

Parcela 5 do Proxecto de Compensación UEI-18

Localización: Rúa Marxión, 36600 Vilagarcía de Arousa (Pontevedra)

Superficie: 675,10 m²

Referencia catastral: 9863588NH1196S0001QJ

Código: P-VILAMAR1-ACE

Faise constar que consta no expediente:

- Certificación urbanística da parcela obxecto de cesión.

- Planos de información urbanística obtida do planeamento vixente.
- Nota simple informativa do Rexistro da Propiedade sobre a titularidade da parcela obxecto de cesión.
- Informe técnico sobre disposición de servizos municipais de auga e saneamento a pé de parcela, así como vial pavimentado, beirarrúas, alumado público, así como canalizacións soterradas de gas, electricidade e telecomunicacións. Asemade, no citado informe, indícase que non se ten constancia de previsións que fagan necesaria a parcela para o Concello de Vilagarcía nos próximos dez anos.

2) Acordar a aplicación da bonificación do 95% da cota tributaria do Imposto de Construcións, Instalacións e Obras de conformidade co establecido no artigo 103.2, letra a), do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, condicionada á aprobación definitiva da modificación da Ordenanza Fiscal reguladora do ICIO.

3) De acordo co establecido no artigo 3.1.2 da ordenanza fiscal 1.2 reguladora do Imposto de Bens Inmóbles do concello de Vilagarcía de Arousa, outorgarase unha bonificación do 50%, no imposto de bens inmóbles de natureza urbana, por un período de tres anos, a contar dende o outorgamento da cualificación definitiva, ás vivendas de protección oficial e as que resulten equiparables a estas conforme a normativa da Comunidade Autónoma.

4) Someter o expediente á información pública, polo prazo de 15 días hábiles, a contar dende o día seguinte ao da publicación do anuncio no Boletín Oficial da Provincia; de conformidade co disposto no artigo 110.1.f) do Real Decreto 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais.

5) Proceder ás modificacións oportunas no Inventario municipal de bens e comunicar ao órgano competente da Comunidade Autónoma a cesión gratuíta da parcela municipal.

6) Notificar o presente acordo ao Instituto Galego de Vivenda e Solo e a Sociedade de Vivenda Pública de Galicia, S.A.

7) Facultar ao Alcalde para realizar tódalas xestións necesarias para levar a debido efecto o presente acordo, autorizándose a sinatura de cantos documentos foran necesarios para materializar a cesión gratuíta da parcela municipal.

O Alcalde

Alberto Varela Paz

(asinado electrónicamente)

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As persoas representantes do grupo político municipal do PSdeG-PSOE informan favorablemente.

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PP, BNG e EU din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación da cesión gratuíta en propiedade dunha parcela municipal situada na Rúa Marxión a favor da Sociedade de Vivenda Pública de Galicia SA (VIPUGAL), coa finalidade de levar a cabo unha promoción de vivendas públicas neste Concello.

Na sesión plenaria sométese a votación o asunto polo Sr. Alcalde , sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Por unanimidade de tódolos/as Concelleiros/as presentes no Pleno (21 de 21)

ACÓRDASE:

1) Aprobar a cesión gratuíta, en propiedade, a Sociedade de Vivenda Pública de Galicia, S.A., da parcela municipal de 675,10 m² (segundo nota simple do Rexistro da Propiedade) situada na rúa Marxión, para o cumprimento do fin de promoción de vivenda pública en Vilagarcía de Arousa, coa seguinte descrición:

Parcela 5 do Proxecto de Compensación UEI-18

Localización: Rúa Marxión, 36600 Vilagarcía de Arousa (Pontevedra)

Superficie: 675,10 m²

Referencia catastral: 9863588NH1196S0001QJ

Código: P-VILAMAR1-ACE

Faise constar que consta no expediente:

- Certificación urbanística da parcela obxecto de cesión.
- Planos de información urbanística obtida do planeamento vixente.
- Nota simple informativa do Rexistro da Propiedade sobre a titularidade da parcela obxecto de cesión.
- Informe técnico sobre disposición de servizos municipais de auga e saneamento a pé de parcela, así como vial pavimentado, beirarrúas, alumado público, así como canalizacións soterradas de gas, electricidade e telecomunicacións. Asemade, no citado informe, indícase que non se ten constancia de previsións que fagan necesaria a parcela para o Concello de Vilagarcía nos próximos dez anos.

2) Acordar a aplicación da bonificación do 95% da cota tributaria do Imposto de Construcións, Instalacións e Obras de conformidade co establecido no artigo 103.2, letra a), do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, condicionada á aprobación definitiva da modificación da Ordenanza Fiscal reguladora do ICIO.

3) De acordo co establecido no artigo 3.1.2 da ordenanza fiscal 1.2 reguladora do Imposto de Bens Inmóbles do concello de Vilagarcía de Arousa, outorgarase unha bonificación do 50%, no imposto de bens inmóbles de natureza urbana, por un período de tres anos, a contar dende o outorgamento da cualificación definitiva, ás vivendas de protección oficial e as que resulten equiparables a estas conforme a normativa da Comunidade Autónoma.

4) Someter o expediente á información pública, polo prazo de 15 días hábiles, a contar dende o día seguinte ao da publicación do anuncio no Boletín Oficial da Provincia; de conformidade co disposto no artigo 110.1.f) do Real Decreto 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais.

5) Proceder ás modificacións oportunas no Inventario municipal de bens e comunicar ao órgano competente da Comunidade Autónoma a cesión gratuíta da parcela municipal.

6) Notificar o presente acordo ao Instituto Galego de Vivenda e Solo e a Sociedade de Vivenda Pública de Galicia, S.A.

7) Facultar ao Alcalde para realizar tódalas xestións necesarias para levar a debido efecto o presente acordo, autorizándose a sinatura de cantos documentos foran necesarios para materializar a cesión gratuíta da parcela municipal.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20250509&punto=6>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

7.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA PROPOSTA DA ALCALDÍA (PREVIA CONSULTA REALIZADA Á XUNTA DE VOCEIROS/AS), RELATIVA AO CAMBIO DE DENOMINACIÓN DE DIVERSAS RÚAS DO CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA, COA FINALIDADE DE DAR CUMPRIMENTO A ANTERIORES ACORDOS PLENARIOS, ASÍ COMO AO DISPOSTO NA LEI DE MEMORIA DEMOCRÁTICA DE 19 DE OUTUBRO DE 2022.- Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Urbanismo e Mobilidade de data 21 de abril de 2025, do seguinte teor:

Dáse conta da Proposta da Alcaldía, do seguinte teor:

PROPOSTA DA ALCALDÍA AO PLENO DA CORPORACIÓN PARA O CAMBIO DE DENOMINACIÓN DE DIVERSAS RÚAS DO TERMO MUNICIPAL DE VILAGARCÍA DE AROUSA

A Lei 20/2022, de 19 de outubro, de Memoria Democrática, establece no artigo 35.2 o seguinte: «Serán consideradas elementos contrarios á memoria democrática as referencias realizadas en topónimos, no rueiro ou nas denominacións de centros públicos, da sublevación militar e da ditadura, dos seus dirixentes, participantes no sistema represivo ou das organizacións que

sustentaron a ditadura, e as unidades civís ou militares de colaboración entre o réxime franquista e as potencias do eixo durante a Segunda Guerra Mundial».

A xunta de voceiros do Concello de Vilagarcía de Arousa, da que forman parte os representantes dos grupos políticos municipais do PS de G-PSOE, Partido Popular, Bloque Nacionalista Galego e Esquerda Unida, consideraron elevar ao Pleno da Corporación Municipal, unha proposta de cambio de denominación de diversas rúas do municipio, coa finalidade de dar cumprimento ao disposto na Lei de Memoria Democrática de 19 de outubro de 2022.

Ademais da necesidade de cumprir coa Lei de Memoria Democrática, os criterios a seguir para a elección dos novos nomes foron tres. O primeiro, o cumprimento dos acordos plenarios (é o caso, por exemplo, do ministro vilagarcían Gómez Paratcha, ou o xuíz Luís Pando). O segundo, o mantemento da toponimia histórica (como no caso da rúa do Río). E terceiro, a máis que necesaria feminización do rueiro (en Vilagarcía hai 92 rúas que recordan a home fronte a so 15 que homenaxean as mulleres).

Esta Alcaldía, á vista da consulta realizada á Xunta de Voceiros, así como do consenso acadado na mesma, propón ao Pleno da Corporación, en cumprimento da Lei 20/2022, de 19 de outubro de Memoria Democrática, a adopción do seguinte acordo:

1. Aprobar inicialmente o cambio de denominación das seguintes rúas, que se fará efectivo unha vez que os servizos municipais de Obras e Policía Local, procedan á adquisición e colocación das novas placas coa nova denominación das rúas coa conseguinte retirada das placas actuais, establecéndose como data límite o 1 de setembro de 2025.

Denominacións actuais	As denominacións que estarán vixentes unha vez transcorrido o prazo de exposición ao público, aprobación definitiva e colocación das novas placas
Rúa Alcalde Rei Daviña	Rúa do Río
Rúa Xeneral Yagüe	Rúa Luís Pando
Travesía Xeneral Yagüe	Travesía Luís Pando
Rúa Fariña Ferreiro	Rúa Maruja Mallo
Avenida José María Rivero de Aguilar	Avenida Laureano Gómez Paratcha
Rúa Conde Vellellano	Rúa Clara Campoamor
Sen nome (rúa que vai do cemiterio do Carril a Cervantes)	Rúa Carmen Meaños «A Carrilla»
Sen nome (PO-548 rotonda Bamio)	Avenida María Casares
Travesía Xesteira	Camiño do Pombal
Travesía Feal	Camiño das Canedas (dende o número 1 ata 12 da actual Travesía Feal)
Travesía Feal	Camiño da Pedra da Vela (dende o número 14 da actual Travesía Feal ata a rúa Feal)
Rúa do Pavillón	Rúa As Lagoíñas
Rúa 3	Rúa Covelo

Para causar o menor prexuízo aos veciños da Travesía Feal, xa que o cambio de denominación da rúa implica tamén, nunha parte, a modificación da numeración, o concello comprométese a subministrar sen custe algún, para os veciños, os novos números das vivendas, para que sexan colocadas polos seus propietarios.

2.- Modificar o acordo plenario de data 21 de novembro de 1997, no seguinte senso, onde di acordase a denominación da rúa Ramiro del Río «Cañotas» á 2a Travesía Rafael Pazos, entre a Praza Rafael Pazos e a rúa Saralegui; debe dicir acordase a denominación da rúa Ramiro del Río «Cañotas» á 1a Travesía Rafael Pazos, entre a Praza Rafael Pazos e a rúa Saralegui.

3.- Expoñer ao público o expediente por prazo de 20 días naturais, a contar dende a inserción do último dos anuncios, anuncio no Boletín Oficial da Provincia e na Sede Electrónica do Concello de Vilagarcía de Arousa; durante o que os interesados poderán presentar as alegacións ou suxestións que consideren oportunas. Transcorrido dito prazo sen presentar alegacións, entenderase definitivamente aprobado o cambio de denominación de rúas.

4.- Dar conta aos servizos municipais e as seguintes Administracións da adopción do acordo definitivo: Autoridade Portuaria de Vilagarcía; Servizo Galego de Saúde (SERGAS); Sociedade Estatal de Correos e Telégrafo, S.A., S.M.E”; Ministerio de Facenda - Dirección Xeral de Catastro; Ministerio de Facenda - Axencia Tributaria; Axencia Tributaria de Galicia - ATRIGA; Ministerio de Inclusión, Seguridade Social y Migracións - Seguridade Social e Dirección Xeral de Administración Local da Xunta de Galicia, Instituto Nacional de Estatística, Instituto Galego de Estatística, Deputación Provincial de Pontevedra, Rexistro da Propiedade de Vilagarcía de Arousa, Comisaría da Policía Nacional, Xulgado Decano de Vilagarcía de Arousa, Asociación de Comerciantes Zona Aberta, as empresas (MRW, SEUR, UPS, GLS, Marpa Arousa, Ontime, Caylu, Correos Express,

CTT Express e Sendign Transporte Urgente) con implantación no concello e á empresa concesionaria do transporte público de persoas Grupo Abalo.

5.- Comunicar aos servizos municipais de Obras e Policía Local o acordo definitivamente adoptado, aos efectos de que procedan á adquisición e colocación das novas placas coa denominación das rúas, e coa conseguinte retirada das actuais.

O Alcalde

Alberto Varela Paz (asinado electrónicamente)

Dáse conta da seguinte proposta de adición:

Proposta de adición da Alcaldía:

En relación co cambio de denominación de rúas que figura na proposta da Alcaldía de data 16 de abril de 2025, propónse o seguinte:

1º Nun primeiro borrador da proposta figuraba incluír no polígono do Pousadoiro, a rúa na que se atopa a factoría de DS Smith Packaging Galicia SA (antigua Lantero) cunha denominación consensuada co Comité de Empresa.

Postos en contacto co Comité de Empresa, propónse ao Pleno, acordar a instalación dun monolito cunha placa como recoñecemento aos traballadores do grupo Lantero, en relación co conflito laboral do período 2014/2015, e dese xeito dar cumprimento ao acordo plenario de 23 de febreiro de 2015. O texto da placa e a ubicación do monolito levaríase a cabo previo consenso co Comité de Empresa.

2º O artigo 40 da Lei 20/2022, de 19 de outubro de Memoria Democrática, trata da “revisión de recoñecementos, honores e distincións”, en base ao disposto no citado artigo, propónse ao Pleno o seguinte:

-Retirar todas as concesións de recoñecementos, honores e distincións que foran aprobadas polo Concello de Vilagarcía de Arousa, que resulten manifestamente incompatibles cos valores democráticos e os dereitos e liberdades fundamentais, que comporten exaltación ou enaltecedo da sublevación militar, a guerra ou a ditadura ou que foran concedidas con motivo de formar parte do aparato de represión da ditadura franquista.

Vilagarcía de Arousa a 21 de abril de 2025

O Alcalde-Presidente

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As persoas representantes do grupo político municipal do PSdeG-PSOE informan favorablemente.

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PP, BNG e EU din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación das dúas propostas da Alcaldía de datas 16 e 21 de abril de 2025, relativas ao cambio de denominación de diversas rúas do Concello de Vilagarcía de Arousa e de retirada de concesións de recoñecementos, honras e distincións, coa finalidade de dar cumprimento a anteriores acordos plenarios, así como o disposto na Lei de Memoria Democrática de 19 de outubro de 2022.

Dáse conta da emenda presentada polo grupo político municipal do BNG, o día 6 de maio de 2025 en relación coa proposta da Alcaldía, do seguinte teor:

Nos últimos días o BNG ten consultado a opinión da veciñanza en relación á proposta presentada por esta Xunta de Voceiros de alternativa á Rúa Almirante Fontán, proposta que será levada a Pleno o vindeiro 9 de Maio. Lembremos que a proposta realizada era a do derradeiro alcalde de Vilaxoán, Serafín Ameixeiras.

Desta consulta e posteriores investigacións concluímos que:

- A xa existente Rúa Ameixeiras está adicada á familia do personaxe proposto, fronte á súa propia casa, e podería dar lugar a confusión ou a homenaxes redundantes.
- A contorna da actual Rúa Almirante Fontán mantén un conxunto de topónimos tradicionais (Veiga do Mar, Preguntoiro, Camiño das Saíñas, Sartaches...) no que dita rúa constitúe unha anomalía. Para a veciñanza, un nome vencellado ao territorio e ao aproveitamento que a xente facía dos seus recursos sería o máis acaído.

En consecuencia, entendendo que aínda estamos a tempo de proceder a unha rectificación que supoña o consenso coa veciñanza de Vilaxoán, sometemos á consideración desta Corporación o seguinte:

- Que a Rúa Almirante Fontán pase a denominarse Rúa Esteiro do Rial, por non existir dita denominación no rueiro, e ser camiño natural de acceso ao existente accidente xeográfico. Dito esteiro foille concedido ao señor de Rubiáns durante a ditadura de Primo de Rivera e recuperado temporalmente en 1933 pola veciñanza, coa carga simbólica que representa.

Dáse conta da emenda presentada polo grupo político municipal de EU, o día 7 de maio de 2025, en relación coa proposta da Alcaldía, do seguinte teor:

Nos últimos días o conxunto da corporación ten recibido varias propostas de negociación dalgunhas das decisións adoptadas no ámbito da modificación do rueiro, así como solicitudes de modificación aceptadas por boa parte dos propoñentes do acordo inicial adoptado no ámbito da xunta de voceiros, polo que ante a nova situación non existe impedimento para adoptar unha decisión que permita un amplo consenso social.

Polo que sometemos a consideración da corporación a seguinte modificación do acordo.

- Que a rúa Xeneral Yagüe pase a denominarse Rúa da Clase Obreira e a loita Sindical.
- Engadir ao acordo, que e abre un prazo de negociación co conxunto de asociacións memorialistas e a familia para decidir que rúa nomear como rúa Luis Pando, esta decisión deberá adoptarse antes de finalizar o 2025.

- Pola Secretaria indicase que ambas emendas son presentadas en relación cunha proposta da Alcaldía, polo que corresponde á Alcaldía aceptar ou rexeitar ambas emendas.

- Pola voceira do grupo político municipal do PSdeG-PSOE manifestase a aceptación da emenda presentada polo grupo político municipal do BNG e o rexeitamento da emenda presentada polo grupo político municipal de EU.

Na sesión plenaria sométese a votación polo Sr. Alcalde a proposta da Alcaldía, xunto coa proposta de adición da Alcaldía e a emenda presentada polo grupo político municipal do BNG, sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Con doce votos a favor dos/as Concelleiros/as pertencentes ós grupos políticos municipais do PSG-PSOE (9), BNG (2) e EU (1) e nove abstencións dos/as concelleiros/as pertencentes ao grupo político municipal do PP (9)

ACÓRDASE Por maioría:

1.- Aprobar inicialmente o cambio de denominación das seguintes rúas, que se fará efectivo unha vez que os servizos municipais de Obras e Policía Local, procedan á adquisición e colocación das novas placas coa nova denominación das rúas coa conseguinte retirada das placas actuais, establecéndose como data límite o 1 de setembro de 2025.

Denominacións actuais	As denominacións que estarán vixentes unha vez transcorrido o prazo de exposición ao público, aprobación definitiva e colocación das novas placas
Rúa Alcalde Rei Daviña	Rúa do Río
Rúa Xeneral Yagüe	Rúa Luis Pando
Travesía Xeneral Yagüe	Travesía Luís Pando
Rúa Fariña Ferreiro	Rúa Maruja Mallo
Avenida José María Rivero de Aguilar	Avenida Laureano Gómez Paratcha
Rúa Conde Valledano	Rúa Clara Campoamor
Sen nome (rúa que vai do cemiterio do Carril a Cervantes)	Rúa Carmen Meaños «A Carrilla»
Sen nome (PO-548 rotonda Bamio)	Avenida María Casares
Travesía Xesteira	Camiño do Pombal
Travesía Feal	Camiño das Canedas (dende o número 1 ata 12 da actual Travesía Feal)
Travesía Feal	Camiño da Pedra da Vela (dende o número 14 da actual Travesía Feal ata a rúa Feal)
Rúa do Pavillón	Rúa As Lagoíñas
Rúa 3	Rúa Covelo
Rúa almirante Fontán	Rúa Esteiro do Rial

Para causar o menor prexuízo aos veciños da Travesía Feal, xa que o cambio de denominación da rúa implica tamén, nunha parte, a modificación da numeración, o concello comprométese a subministrar sen custe algún, para os veciños, os novos números das vivendas, para que sexan colocadas polos seus propietarios.

2.- Modificar o acordo plenario de data 21 de novembro de 1997, no seguinte senso, onde di acordase a denominación da rúa Ramiro del Río «Cañotas» á 2a Travesía Rafael Pazos, entre a Praza Rafael Pazos e a rúa Saralegui; debe dicir acordase a denominación da rúa Ramiro del Río «Cañotas» á 1a Travesía Rafael Pazos, entre a Praza Rafael Pazos e a rúa Saralegui.

3.- Acordase a instalación dun monolito cunha placa como recoñecemento aos traballadores do grupo Lantero, en relación co conflito laboral do período 2014/2015, e dese xeito dar cumprimento ao acordo plenario de 23 de febreiro de 2015. O texto da placa e a ubicación do monolito levaríase a cabo previo consenso co Comité de Empresa.

4.- O artigo 40 da Lei 20/2022, de 19 de outubro de Memoria Democrática, trata da “revisión de recoñecementos, honores e distincións”, en base ao disposto no citado artigo, acórdase:

-Retirar todas as concesións de recoñecementos, honores e distincións que foran aprobadas polo Concello de Vilagarcía de Arousa, que resulten manifestamente incompatibles cos valores democráticos e os dereitos e liberdades fundamentais, que comporten exaltación ou enaltecedo da sublevación militar, a guerra ou a ditadura ou que foran concedidas con motivo de formar parte do aparato de represión da ditadura franquista.

5.- Expoñer ao público o expediente por prazo de 20 días naturais, a contar dende a inserción do último dos anuncios, anuncio no Boletín Oficial da Provincia e na Sede Electrónica do Concello de Vilagarcía de Arousa; durante o que os interesados poderán presentar as alegacións ou suxestións que consideren oportunas. Transcorrido dito prazo sen presentar alegacións, entenderase definitivamente aprobado o cambio de denominación de rúas.

6.- Dar conta aos servizos municipais e as seguintes Administracións da adopción do acordo definitivo: Autoridade Portuaria de Vilagarcía; Servizo Galego de Saúde (SERGAS); Sociedade Estatal de Correos e Telégrafo, S.A., S.M.E”; Ministerio de Facenda - Dirección Xeral de Catastro; Ministerio de Facenda - Axencia Tributaria; Axencia Tributaria de Galicia - ATRIGA; Ministerio de Inclusión, Seguridade Social y Migracións - Seguridade Social e Dirección Xeral de Administración Local da Xunta de Galicia, Instituto Nacional de Estatística, Instituto Galego de Estatística, Deputación Provincial de Pontevedra, Rexistro da Propiedade de Vilagarcía de Arousa, Comisaría da Policía Nacional, Xulgado Decano de Vilagarcía de Arousa, Asociación de Comerciantes Zona Aberta, as empresas (MRW, SEUR, UPS, GLS, Marpa Arousa, Ontime, Caylu, Correos Express, CTT Express e Sendign Transporte Urgente) con implantación no concello e á empresa concesionaria do transporte público de persoas Grupo Abalo.

7.- Comunicar aos servizos municipais de Obras e Policía Local o acordo definitivamente adoptado, aos efectos de que procedan á adquisición e colocación das novas placas coa denominación das rúas, e coa conseguinte retirada das actuais.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20250509&punto=7>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

8.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA PROPOSTA DA ALCALDÍA PARA DENOMINACIÓN DO PAVILLÓN Nº 1 DO COMPLEXO DEPORTIVO MUNICIPAL DE FONTECARMOA COMO PAVILLÓN SARA GÓMEZ.- Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Urbanismo e Mobilidade de data 21 de abril de 2025, do seguinte teor:

Dáse conta da Proposta da Alcaldía, do seguinte teor:

Proposta de Alcaldía para o nomeamento do Pavillón Nº 1 do Complexo Deportivo Municipal de Fontecarmoa como Pavillón Sara Gómez

Exposición de Motivos:

O deporte é un pilar fundamental na nosa sociedade, non só pola súa capacidade de fomentar a saúde e o benestar, senón tamén pola promoción de valores como o esforzo, a superación e a solidariedade. En particular, o baloncesto é un deporte moi importante na nosa localidade, gracias ao esforzo dos clubs e ao talento e dedicación dos nosos e nosas deportistas.

Hoxe, temos un pavillón municipal recentemente reformado, un espazo que non só alberga competicións, senón que tamén serve como punto de encontro para os amantes de moitos e diferentes deportes.

É neste contexto onde considero que debemos rendir unha homenaxe a unha das nosas figuras máis destacadas: Sara Gómez Ferreiros.

Sara non só foi una figura emblemática do baloncesto local, senón que tamén levou o nome de Vilagarcía de Arousa a nivel nacional e internacional.

A súa traxectoria inclúe:

1. Internacionalidade: Sara Gómez foi xogadora internacional coas seleccións nacionais da Federación Española de Baloncesto, o ano 2004 no European Championship for Women U18, no ano 2005 xogando o FIBA Women's U19 World Championship, no ano 2006 o U20 European Championship Women e no ano 2007 o FIBA U21 World Championship for Women.

2. Éxitos na elite: Sara Gómez competiu na elite do baloncesto feminino nacional, coa Agrupación Deportiva Cortegada anos 2004/05 a 2008/09 e nunha segunda etapa da tempada 2014/15 a 2022/23. Destas trece tempadas no AD Cortegada destacan os anos 2008 e 2009 nos que participaron na Eurocup feminina levando o nome de Vilagarcía por Europa adiante. Amáis do equipo local, Sara Gómez foi xogadora na liga feminina cos clubs CD Bosco-RC Celta nas tempadas 2009/10, 2010/11 e 2011/12, na Unión Navarra basket no 2012/13 e no equipo catalán Asociación Sportiva Sedi Basket na tempada 2013/14 antes de regresar ao AD Cortegada na tempada 2014/15.

3. Inspiración e Referente: A súa dedicación e paixón polo baloncesto inspirou a moitas rapazas de Vilagarcía para xogar ao baloncesto, demostrando que con esforzo e determinación podense alcanzar grandes logros.

Proposta:

Por todo o anterior, propoño ao Pleno do Concello de Vilagarcía de Arousa o nomeamento do Pavillón Nº 1 do CDM de Fontecarmoa, recentemente reformado, leve o nome de "Pavillón Sara Gómez", en recoñecemento a súa traxectoria e aportes ao baloncesto local e nacional.

O nomeamento do pavillón en honor a Sara Gómez perpetuará o seu legado e servirá como un símbolo de motivación para as futuras xeneracións de deportistas locais.

Alberto Varela Paz

O Alcalde

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

Por unanimidade de tódolas persoas representantes dos grupos políticos municipais infórmase favorablemente a denominación do Pavillón nº 1 do Complexo Deportivo Municipal de Fontecarmoa como Pavillón Sara Gómez.

Na sesión plenaria sométese a votación o asunto polo Sr. Alcalde , sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Por unanimidade de tódolos/as Concelleiros/as presentes no Pleno (21 de 21)

ACÓRDASE: Aprobar o nomeamento do Pavillón Nº 1 do CDM de Fontecarmoa, recentemente reformado, leve o nome de "Pavillón Sara Gómez", en recoñecemento a súa traxectoria e aportes ao baloncesto local e nacional.

O nomeamento do pavillón en honor a Sara Gómez perpetuará o seu legado e servirá como un símbolo de motivación para as futuras xeneracións de deportistas locais.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20250509&punto=8>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

11.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DO PP EN RELACIÓN COA MELLORA URXENTE E REVISIÓN DO SERVIZO MUNICIPAL VAIBIKE.- Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Urbanismo e Mobilidade de data 21 de abril de 2025, do seguinte teor:

Dáse conta da moción presentada polo grupo político municipal do PP coa data de 16 de abril de 2025, do seguinte teor:

MOCIÓN

Os concelleiros integrantes do Grupo Municipal Popular, ao amparo do establecido no artigo 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, formulan, para a súa discusión e, no seu caso, aprobación no Pleno Ordinario do 24 de abril de 2025 a seguinte MOCIÓN:

“Mellora urxente e revisión do servizo municipal VaiBike”

EXPOÑEN

O servizo municipal VaiBike, promovido como ferramenta para fomentar a mobilidade sostible e hábitos saudables, leva meses evidenciando graves deficiencias que afectan tanto ao seu funcionamento como ao aproveitamento do investimento público realizado xerando, ademais, unha pésima imaxe da nosa cidade. Podemos desprazarnos a calquera estación de bicicletas para verificar que se atopan con óxido, descoloradas polo sol ou rotas e con cintas de perigo.

Recordemos que en febreiro de 2.022 se adjudicou a colocación das 11 estacións e a compra 79 bicicletas por importe de 175.450 euros, cuxo funcionamento comezou o 1 de abril de 2023 e que, anualmente, lle costa ao Concello 30.000€ de mantemento máis os custos de subministro de pezas rotas para a súa substitución.

Non é de recibo, que un servizo con un coste tan alto, se atope nun estado tan lamentable como na actualidade, xustamente na tempada onde se podería incentivar ao seu uso.

Nas últimas queixas dos usuarios atópanse:

- Óxido na práctica totalidade das bicicletas (tornillos, freos, cadro da bici, cadea...) e elementos deteriorados (manillas, sillín, etc...).
- Luces fundidas e ausencia de reflectantes.
- Algunhas teñen os freos frouxos e non frean ou agarrotados e dificulta o seu uso impedindo así o rodamento.
- O posto 09 sito Avda. Rodrigo de Mendoza atópase permanentemente desactivado o que impide coller e deixar as bicicletas alí.
- Moitos chips non funcionan, indicando que hai bicicletas dispoñibles, pero éstas non se poden empregar.
- O posto sito ao carón da Praza da Peixería leva meses con unha cinta de perigo rodeando un anclaxe.

Estes soamente son un pequeno exemplo de un servizo público que lonxe de ser útil para a cidadanía, neste estado xera un gran coste.

Desde o Grupo Municipal Popular non cuestionamos a importancia de fomentar a mobilidade sostible. O que cuestionamos é a xestión ineficiente, opaca e economicamente insostible dun servizo que leva anos funcionando por debaixo do mínimo esixible, sen datos claros de uso nin retorno social contrastado.

Polo tanto, o Grupo Municipal do Partido Popular solicita ao Pleno municipal os seguintes acordos:

1. Que se elabore un informe técnico e económico completo sobre o servizo VaiBike, que inclúa:
 - Número real de bicicletas operativas (entendido como tal as que estean en condicións óptimas para o seu uso).
 - Estado físico das estacións.
 - Uso real do servizo por franxas horarias, días da semana e grupos de idade.
 - Avaliación do custo por usuario e taxa de recuperación do gasto.
 - Estudo comparativo con servizos similares noutras vilas do entorno.
2. Que se realice a reparación/substitución inmediata de todas as bicicletas e as estacións, e todas as actuacións necesarias para correxir as deficiencias na prestación e mantemento do servizo municipal VaiBike. E tralo estudio previo, se repercute o seu custo á empresa

adxudicataria das mesmas.

Ana Granja – Portavoz do Grupo Municipal do Partido Popular

- Polo Sr. Fajardo Recouso solicítase un informe sobre o tratamento de datos persoais no servizo do VaiBike, así como unha copia dos escritos de queixa presentados polos/as usuarios/as.

Non habendo máis intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PP E EU informan favorablemente.

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PSdeG-PSOE e BNG din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación da moción presentada polo grupo político municipal do PP en relación coa mellora urxente e revisión do servizo municipal VaiBike.

- Sendo as 19:45 horas auséntase da sesión o Sr. Interventor Municipal.

Na sesión plenaria sométese a votación o asunto polo Sr. Alcalde , sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Con dez votos a favor dos/as Concelleiros/as pertencentes ós grupos políticos municipais do PP (9) e EU (1) e once votos en contra dos/as concelleiros/as pertencentes aos grupos políticos municipais do PSdeG-PSOE (9) e BNG 2)

ACÓRDASE Por maioría rexeitar a moción prsentada polo grupo político municipal do PP en relación coa mellora urxente e revisión do servizo municipal VaiBike.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20250509&punto=11>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

12.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DO BNG PARA A INCLUSIÓN DA ZONA DE A LOMBA NA PARTIDA DO PLAN MUNICIPAL DE ASFALTADO.- Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Urbanismo e Mobilidade de data 21 de abril de 2025, do seguinte teor:

Dáse conta da moción presentada polo grupo político municipal do BNG coa data de 16 de abril de 2025, do seguinte teor:

MOCIÓN PARA A INCLUSIÓN DA ZONA DE A LOMBA NA PARTIDA DO PLAN MUNICIPAL DE ASFALTADO

Don Francisco Javier Rodríguez Paz, portavoz do Grupo municipal do BNG no concello de Vilagarcía de Arousa, ao abeiro da lexislación vixente, presenta para o seu debate e, se procede, aprobación a seguinte moción.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Fai uns días fomos coñecedores de que o goberno local ía levar a cabo o aumento na partida destinada para o Plan Municipal de Asfaltado, incrementándose esta ata os 550.000 euros. O obxectivo deste paso non era outro que o de dar resposta ás demandas veciñais ante o estado no que se atopa o firme de diferentes zonas do concello.

Tras anunciar diferentes proxectos que se beneficiarán desta medida, aínda quedan cartos para poder destinar a outras zonas. Sendo coñecedores das demandas veciñais e sabendo que fai anos que non se realiza ningunha intervención na zona gustaríanos propoñer para a súa inclusión

no plan á zona da Lomba.

As rúas da zona de A Lomba levan anos sen que se realice sobre elas ningunha intervención. O firme en varias delas presenta danos, fochancas e parchados antigos e afectan ao tránsito por elas.

Por todo iso é polo que solicitamos a adopción dos seguintes

ACORDOS:

- Levar a cabo unha actuación na zona da Lomba que contemple o asfaltado das súas rúas: Rúa Pío XII, Rúa José Viqueira, Rúa Arousa, Rúa Pepín, Rúa Alta, Rúa Porto do Río, Rúa Agro Longo, Rúa da Lomba e Rúa Lomba Alta.

- Polo Sr. Fajardo Recouso solicítase unha copia do Plan Municipal de Asfaltados.

Non habendo máis intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do BNG e EU informan favorablemente.

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PSdeG-PSOE e PP din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación da moción presentada polo grupo político municipal do BNG para a inclusión da zona de A Lomba na partida do Plan Municipal de Asfaltados.

Na sesión plenaria sométese a votación o asunto polo Sr. Alcalde , sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Por unanimidade de tódolos/as Concelleiros/as presentes no Pleno (21 de 21)

ACÓRDASE: - Levar a cabo unha actuación na zona da Lomba que contemple o asfaltado das súas rúas: Rúa Pío XII, Rúa José Viqueira, Rúa Arousa, Rúa Pepín, Rúa Alta, Rúa Porto do Río, Rúa Agro Longo, Rúa da Lomba e Rúa Lomba Alta.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20250509&punto=12>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

13.- INTERPELACIÓNS OU CONTROL DAS DECISIÓNS DO GRUPO DE GOBERNO.

Non se presentaron

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20250509&punto=13>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

14.- MOCIÓNS PRESENTADAS POLOS GRUPOS POLÍTICOS MUNICIPAIS POR RAZÓNS DE URXENCIA.

En cumprimento do preceptuado no artigo 91.4º do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime xurídico das Corporacións Locais, concluído o exame dos asuntos incluídos na Orde do Día, e antes de pasar á rolda de rogos e preguntas, o Sr. Alcalde preguntou se algún grupo político desexaba someter á consideración do Pleno por razóns de urxencia algún asunto non comprendido na orde do día que acompañaba a convocatoria e que non teña cabida no citado punto de rogos e preguntas, non propoñéndose ningunha moción polos Grupos Políticos Municipais.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20250509&punto=14>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

15.- RESPONSA DOS/AS CONCELLEIROS/AS DELEGADOS/AS ÁS PREGUNTAS FORMULADAS NO PLENO ANTERIOR.

Por parte dos/as Sres./as Concelleiros/as delegados/as respóndese ás preguntas formuladas no Pleno anterior.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20250509&punto=15>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

16.- ROGOS E PREGUNTAS FORMULADAS POR ESCRITO POLOS MEMBROS DA CORPORACIÓN MUNICIPAL.

Non se presentaron.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20250509&punto=16>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

17.- ROGOS E PREGUNTAS FORMULADAS ORALMENTE NA SESIÓN, POLOS MEMBROS DA CORPORACIÓN MUNICIPAL.

Por parte dos/as Sres./as Concelleiros/as fórmulanse rogos e preguntas que serán contestadas no próximo Pleno.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20250509&punto=17>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

18.- QUENDA DE ROGOS E PREGUNTAS ENTRE AS PERSOAS QUE ASISTEN COMO PÚBLICO Á SESIÓN. Por parte das persoas que asisten como público á sesión fórmulanse rogos e preguntas.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20250509&punto=18>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

E sen máis asuntos que tratar, ás 21:00, levantouse a sesión da que se estende a presente acta e eu, Secretaria, dou fe.